


Os peixes de acuarela

Nadarín · Leo Lionni · Kalandraka Editora, 2007
· Xosé Ramón González Barreiro (tradución) · 40 páx. · 15 euros

Esta é a terceira obra de Leo Lionni que Kalandraka traduce ao galego, fixérao anteriormente con esa alfaia que é *Frederick*, seguiu con *Pequeno azul, pequeno amarelo* e agora *Nadarín*. Aínda fican varias (*The Alphabet Tree*, *Alexander and the Wind-Up Mouse*...) que merecen estar a disposición dos rapaces e mestres galegos por seren obras mestras do difícil xénero do álbum ilustrado.

Este xenio da sinxeleza que é o holandés Lionni, capaz de crear álbums nos que o lector infantil, sempre acompañado e tutelado polo adulto –pai/nai, mestre/mestra– comeza a estruturar e tecer na súa mente os vimbios da organización do caos que o arrodea por medio da identificación



dos sentimentos. Para Lionni “a arte, de feito, sempre expresa sentimentos da infancia” e o autor de álbums infantís “debe regresar aos lugares e ás circunstancias da súa nenez na procura dos seus estados de ánimo e das imaxes”. É moi posíbel que dese xeito crease o autor esta obra composta con fermosas acuarelas que conforman as paisaxes submarinas: os fondos, as rochas, as plantas.... Moitos deles feitos con técnicas que os nenos coñecen e practican como son os estampados e os carimbos.

Con esa técnica gráfica conta a sinxela historia dun pequeno peixe negro que, dentro dun mar de azuis e verdes e no medio de grandes bancos de peixes vermellos que son vítimas da realidade do proverbio que di que o peixe grande come o pequeno, probará o amargo saíbo da soidade. Será na procura dun lugar para vivir cando coñecerá as marabillas do mar: augamares, lagostas, anguías, anémonas, algas... e un novo banco de peixes vermellos aos que Nadarín lles descubrirá que xuntos poden vencer ao peixe grande. Tamén este é un libro que calquera pai, calquera nai debe aproveitar para ler e conversar co seu fillo, coa súa filla.

// Xabier P. DoCampo